



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 07 de xullo de 2022** adoptou o seguinte acordo:

25.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA FESTIVAL DAS ARTES NAS ONDAS DURANTE O EXERCICIO DE 2022. EXPTE. 4490/330.

Visto o informe xurídico do 20/06/2022 e o informe de fiscalización do 27/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 9 de xuño do 2022, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "Festival da Música e das Artes nas Ondas 2022"; por este motivo, con data 9 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O Conservatorio Superior de Música de Vigo *é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS", que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a quinta edición. O obxectivo fundamental do programa é a difusión das Artes Escénicas en xeral, con maior fincapé nas musicais e tamén quere dar a oportunidade ao desenvolvemente artístico e novos talentos, estudantes e persoas recién tituladas que poidan convivir nun espazo artístico con persoas de renome e traxectorias mais marcadas no ámbito da música.*



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 1 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa do *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS" 2022* foi o seguinte:

| Febreiro | | | |
|------------------------|--|--|-------------------------------|
| Mércores 16 20:00 h | Recital de clave: Castilla, Londres e Weimar Ignacio Prego (clave) | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 17 17:30 h | The telephone / Il segreto di Susanna Taller de Ópera CSMVigo | COPRODUCCIÓN CSMVigo, ESAD e IES Audiovisual de Vigo | IES Audiovisual de Vigo |
| Venres 18 17:30 h | The telephone / Il segreto di Susanna Taller de Ópera CSMVigo | COPRODUCCIÓN CSMVigo, ESAD e IES Audiovisual de Vigo | IES Audiovisual de Vigo |
| Martes 22 19 h | Relatorio: Final do Camiño, comezo da Música: os instrumentos de música medievais en Galicia Francisco Luengo | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 23 19 h | Relatorio: Evolución da interpretación historicamente informada María del Mar Blanco | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 24 20 h | Orquestra Barroca do CMUS Profesional "Manuel Quiroga" Arquímedes Artal, director | SEMANA DA MÚSICA ANTIGA | Auditorio Martín Códax |
| Marzo | | | |
| Xoves 3 20 h | Recital de piano Nicolás Alén, Manuel Muñiz, Miguel Montes, José García e Alba Raña | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Martes 8 20 h | Bach despois de Bach: transcripcións para piano Carmen Bargiela, Miguel Montes, Manuel Muñiz, Sara L. Ochogavías, Lara Quesada, Adrián Martínez, Lucas López, Iria Ramos, José García, Óscar Paniagua | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Venres 11 20 h | Eiriksoon Trombone Project: Recital 1.0 Fautino Núñez (trombón baixo), Alicia Permuy (piano) e colaboradores | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 16 20 h | Profesorado convidado da Academia de Música da Universidade de Saraxevo (Bosnia Hercegovina) | SON ERASMUS | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 17 20 h | Profesorado convidado da Academia de Música da Universidade de Saraxevo (Bosnia Hercegovina) | SON ERASMUS | Auditorio Martín Códax |
| Venres 18 20 h | Música galega para bombardino e piano Ignacio Fernández (bombardino), Alejo Amoedo (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Martes 22 20 h | A inspiración romántica Rafael Rodríguez, Álvaro Vidal, Eva Fernández, Lara Quesada, Óscar Paniagua | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 23 20 h | Concerto de profesorado convidado do Conservatorio Nacional Kurmangazy de Almaty (Casaquistán) | SON ERASMUS | Auditorio Martín Códax |
| Viernes 25 20 h | Piano en 4D. Músicas para catro pianistas Pablo Rodríguez, María José Cid, Isabel Gil, Nicasio Gradaille | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Martes 29 20 h | Sen tempo non era: 3 Sonatas para piano de Beethoven Sara Lía Ochogavías, Adriana Iglesias, Lucas López | DE PIANO | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 31 20 h | Concerto Compartido de Grupos de Percusión ATTACCA (CMUS Profesional da Coruña), Grupo de Percusión do Conservatorio Superior de Música da Coruña, Grupo de Percusión do CMUS Profesional do Carballiño, Grupo de Percusión do CSMVigo | PercusiónFest | Auditorio Martín Códax |





Concello de Vigo

| | | | |
|---------------------|---|------------------|------------------------------|
| 20 h | | | Martín Códax |
| Venres 1 20 h | Recital de percusión Magdalena Myrczik (marimba e percusión) | PercusiónFest | Auditorio Martín Códax |
| Martes 5 20 h | Piano Iberoamericano Daniel Pereira (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 20 20 h | Recital de piano Fernando Scafatti (piano) | SON ERASMUS | Auditorio Martín Códax |
| Venres 22 20 h | Kunstlieder - Chansons und Volkslieder Beatriz Arenas (soprano), Félix Justen (guitarra) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Luns 25 20 h | Recital de saxofón e piano Petras Vyšniauskas (saxofón), Aleksandra Zvirblytė (piano) Academia Lituana de Música e teatro | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Martes 26 20 h | Música italiana para saxofón só & saxofón e electrónica Enzo Filippetti (Conservatorio Santa Cecilia de Roma) | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 27 20 h | ADUA Sixto Herrero (saxofón), Daniel Fernández (piano) | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 28 20 h | Ensemble de saxofóns do CSMVigo e convidados Andrea González, Miguel Bargiela, Genma Mestres, Jorge Ferreira, María Martínez, Noelia Fraga, Francisco da Silva, Javier Rodríguez, Alejandro Troya e Rafael Yebra | SAXORNADAS | Auditorio Martín Códax |
| Venres 29 20 h | Dúo violín e piano Laura Quintillán (violín), María José Cid (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Maio | | | |
| Martes 3 20 h | Descubriendo a Paul Meisen: Evento adicado á figura do frutista alemán Paul Miesen (1933-2020) Albert Mora (fruta solista da Orquestra do Liceu), Manuel Morales (profesor de fruta do CSMVigo) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 4 20 h | Ensemble de metais e percusión do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director) | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 5 18 h | Ensemble de madeiras do CSMV Juan Carlos Díaz, director | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 5 20 h | Ensemble de clarinetes do CSMV Juan Carlos Díaz, director | AGRUPACIÓNS CSMV | Auditorio Martín Códax |
| Venres 6 20 h | Trío clarinete, violonchelo e piano Esteban Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo), Cristina García (piano) | EXPLURART | Auditorio Martín Códax |
| Martes 10 20 h | Orquestra de corda do CSMV Juan Carlos Díaz, director | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| Mércores 11 20 h | Concerto de poesía musicada e canción galega EDLG e Departamento de Canto | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| Xoves 12 18 h | Música galega para fruta Fernando Raña (fruta), Rasa Biveiniene Yakutite (piano), Carlos Castro (percusión) | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| Venres 13 20 h | KLONOS: Música galega para saxofón Rafael Yebra (saxofón), Pablo Rodríguez (piano) | LETRAS GALEGAS | Auditorio Martín Códax |
| Martes 31 20 h | Concerto de Premiadados no VIII Concurso de Música de Cámara do CSMVigo | ABRENTE | Auditorio de Praza do Rei |
| Xuño | | | |
| Martes 7 | Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2021-22 | ACTO GRADUACIÓN | Auditorio |

memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 14.000 € (catorce mil euros) financiándose coas seguintes achegas:



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 3 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Consellería de Cultura: 10.000 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do "Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2022", obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 4 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do **"FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2022"** figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 5 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A subvención do Concello de Vigo á entidade " Conservatorio Superior de Música de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q-8650014G, para o financiamento do Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENCIÓN CMUS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

–E de responsabilidade da Entidade :

–A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 6 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 - Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.
-
- Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do CSMVigo.
 - Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 - Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
 - Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 7 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 8 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 9 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 10 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 11 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 12 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELEIRÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal cas

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 13 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 14 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Concello de Vigo

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

JRB/rs

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 08/07/2022 15:16 | Páxina 15 de 15 |
| 4490-330 | CSV: A2A6AD-D75158-E12E3E-G78UY1-DHLYKG-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |